



BOP

MÉRCORES, 12 DE MARZO DE 2025

N.º 058

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS. SERVICIO DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN TRIBUTARIA

Anuncio

Ampliación de delegación de competencias no Imposto sobre Actividades Económicas, Concello de Xove.

O Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e cinco de febreiro de dous mil vinte e cinco, adoptou o seguinte acordo:

“Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, a teor do seguinte texto.

“A Proposta de Acordo sometida a votación é a seguinte:

“O artigo 36.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local establece que son competencias propias da Deputación a “Asistencia na prestación dos servizos de xestión de recadación tributaria, en período voluntario e executivo e dos servizos de apoio á xestión financeira dos concellos con poboación inferior a 20.000 habitantes”.

O artigo 106.3 da Lei establece que: “É competencia das entidades locais a xestión, recadación e inspección dos seus tributos propios, sen prexuízo das delegacións que poidan outorgar a favor das entidades locais de ámbito superior ou das respectivas Comunidades Autónomas, e das fórmulas de colaboración con outras entidades locais, coas Comunidades Autónomas ou co Estado, dacordo co que establece a lexislación do Estado”.

O artigo 7 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais establece de conformidade co citado artigo 106.3 da Ley 7/1985 a mesma posibilidade de delegación, á vez que regula o procedemento e o exercicio das facultades delegadas.

Con base á normativa citada a Deputación Provincial en sesión celebrada o día 27/11/2007 adopta o acordo de aprobar a “Reforma das bases que rexen a aceptación e asunción, por delegación expresa, de competencias en materia de xestión, inspección e recadación en relación a tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público”. Estas bases foron modificadas por sendos acordos de datas 28/10/2008, 29/12/2015 e 30/10/2018.

O Concello de Xove con data 14 de xaneiro de 2008 adoptou o acordo de delegación, na Deputación Provincial, das competencias que o Concello ten atribuídas en materia de xestión, inspección e recadación do IAE. No citado acordo de delegación, conforme co establecido na base cuarta das bases anteriormente citadas, o Concello de Xove resérvase a competencia en materia de xestión, inspección e recadación da tramitación no IAE do expediente relativo a ALUMINIO ESPAÑOL, SA , con CIF A36006260, e posibles cambios de denominación da mesma.

Con data 11 de febreiro de 2008, asinouse o convenio de delegación de competencias en materia de xestión, inspección e recadación en relación a tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público, entre a Deputación de Lugo e o Concello de Xove, sendo publicado o acordo de delegación no BOP número 041 de data 19 de febreiro de 2008 e no DOG número 046 de data 5 de marzo de 2008.

Con data 23/12/2016 o Ministerio de Facenda e Función Pública, de acordo co Real decreto 415/2016, de 3 de novembro, polo que se restructuran os Departamentos ministeriais, dispuxo mediante Orde HFP/1947/2016 (BOE núm. 309, de 23 de decembro de 2016, a delegación da inspección do Imposto sobre Actividades Económicas na Diputación de Lugo, en relación cos concellos que teñen atribuída a Xestión tributaria e a recadatoria, entrando en vigor desde o día 01/01/2027.

O Concello de Xove interesa que por parte da Deputación Provincial se asuma o total das competencias delegables do IAE mediante o acordo do 14 de outubro de 2024, seguinte:

“PRIMEIRO. Ampliar o contido da delegación de competencias en materia de xestión, inspección e recadación relación a tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público, acordada polo Pleno da Corporación

do Concello de Xove o 14.01.2008, e cuxo alcance está estipulado na Cláusula primeira do convenio formalizado o 11.02.2008 entre esta Administración municipal e a Excelentísima Deputación Provincial de Lugo, e por ende, delegar todas as competencias que este Concello ten atribuídas en materia de xestión, inspección e recadación, tanto en período voluntario como en período executivo, reguladas no vixente texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, xa estean atribuídas, directamente, pola propia norma, ou sexan asumibles en virtude dos convenios de delegación ou acordos de colaboración que a Deputación Provincial puidese celebrar con calquera das Administracións públicas, dos seguintes impostos:

1.1- Imposto sobre Bens Inmóbles

1.2- Imposto sobre Actividades Económicas

1.3.- Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica

Ampliar o contido da delegación de competencias en materia de xestión, inspección e recadación relación a tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público, acordada polo Pleno da Corporación do Concello de Xove o 14.01.2008, e cuxo alcance está estipulado na Cláusula primeira do convenio formalizado o 11.02.2008 entre esta Administración municipal e a Excelentísima Deputación Provincial de Lugo.

SEGUNDO. Comunicar o presente acordo á Excelentísima Deputación Provincial de Lugo aos efectos do disposto no apartado terceiro da Base décimo terceira das Bases que rexen a aceptación e asunción, por delegación expresa, de competencias en materia de xestión, inspección e recadación relación a tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público aprobadas polo Pleno da Excelentísima Deputación Provincial de Lugo.

TERCEIRO. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir os convenios ou documentos relacionados con este asunto.”

- As “bases que rexen a aceptación e asunción, por delegación expresa, de competencias en materia de xestión, inspección e recadación en relación a tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público” establecen o seguinte:

“BASE TERCEIRA. - Contido e alcance da delegación

Os concellos que desexen delegar na Deputación Provincial competencias nesta materia farano, co seguinte contido:

Todas as competencias que os concellos teñan atribuídas en materia de xestión, inspección e recadación, tanto en período voluntario coma en período executivo, reguladas no vixente texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, xa estean atribuídas, directamente, pola propia norma, ou sexan asumibles en virtude dos convenios de delegación ou acordos de colaboración que a Deputación Provincial puidese celebrar con calquera das Administracións públicas, dos seguintes impostos:

1- Imposto sobre Bens Inmóbles

2- Imposto sobre Actividades Económicas

3- Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica

Os concellos, a maiores, poderán delegar as seguintes competencias, sempre que a Deputación Provincial dispoña dos medios personais e materiais necesarios para asumilas, que aceptará unha vez incorporados os medios citados.

1- As competencias que teñen atribuídas en materia de xestión, inspección e recadación, tanto en período voluntario coma en período executivo, do Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana.

2- As competencias que teñen atribuídas en materia de liquidación e recadación, en período voluntario e executivo, en relación a tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público, todos eles de vencemento periódico e xestión mediante padrón.

3-As competencias de xestión recadatoria en período executivo de todas aquelas débedas derivadas de liquidacións periódicas, ou non periódicas, realizadas polos concellos en período voluntario, incluídas as sancións e aquelas outras derivadas dun acto administrativo, en virtude do cal houbese de satisfacerse cantidade líquida.

BASE CUARTA. - Alcance do exercicio das competencias delegadas.

A delegación de competencias supón que, a Deputación Provincial, asume a totalidade de funcións e atribucións, tanto en relación a actuacións materiais, como executivas. Os concellos poderán avocar para si, coa conformidade da Deputación Provincial, a tramitación de determinados expedientes que, pola súa repercusión económico-social, resulte aconsellable.

BASE DECIMOTERCEIRA- Réxime de vixencia

(...)

3- Durante a vixencia da delegación, e sen que afecte ao período sinalado nesta, calquera concello poderá ampliar o seu contido dentro do marco establecido nestas bases, mediante acordo plenario comunicado á Deputación Provincial e producirá efecto dende a data da súa

publicación no BOP e o DOG.

(...)”

De acordo co anterior propónse ó Pleno da Deputación que se adopte o seguinte acordo:

Aceptar a solicitude de ampliación de competencias do contido da delegación en materia de xestión, inspección e recadación relación a tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público, acordada polo Pleno da Corporación do Concello de Xove o 14 de outubro de 2024.

Esta ampliación supón a aceptación de competencias en materia de xestión, inspección e recadación da tramitación no Imposto sobre Actividades Económicas no relativo a ALUMINIO ESPAÑOL, SA “.

A Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda, e Especial de Contas, por unanimidade, acorda informar favorablemente a proposta sinalada no epígrafe, e propoñer ao Pleno a súa aprobación”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.”

Lugo, 6 de marzo de 2025.- O PRESIDENTE, P. D. Decreto de data 15-03-2024, A DEPUTADA PROVINCIAL, M^a del Carmen López Moreno.

R. 0611

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Polo órgano competente desta Deputación foi tomado en consideración o proxecto da obra:

(2025/CON_02/000021).-

LUGO.- OBRAS DE TERMINACIÓN DE EDIFICACIÓN PARA OFICINAS

(2025/CON_02/000024).-

TABOADA - MONTERROSO.- REHABILITACIÓN DE FIRME REGOS CON GRAVILLA POR TRAMOS LU-P-4905 “PORTOMARÍN (LU-633) – TABOADA”, P.K. 10+652 A 24+631 E LU-P-6003 “COUTO (LU-212) – VILOIDE”, P.K. 0+00 A 2+101

(2025/CON_02/000026).-

CHANTADA.- REHABILITACIÓN DE FIRME REGOS CON GRAVILLA POR TRAMOS LU-P-1002, LU-P-1802, LU-P-1803, LU-P-1805, LU-P-1806 E LU-P-1818

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, e demais normativa de aplicación, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de VINTE (20) días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade e aos efectos establecidos no Art. 93 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de Abril e no Art. 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O devandito proxecto estará a disposición no portal de transparencia da Deputación Provincial <https://portaltransparencia.deputacionlugo.org>

Lugo, 7 de marzo de 2025.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0612

CONCELLOS

BEGONTE

Anuncio

Elevado a definitivo o acordo provisional do Pleno desta Corporación Municipal, de data 17 de xaneiro de 2025, de aprobación da Ordenanza Fiscal Municipal Reguladora do Prezo Público pola venda de artigos e material publicitario, en cumprimento do disposto no art. 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, faise público o texto íntegro da mesma.

Contra o referido acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse no prazo de 2 meses, a contar desde a publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, o recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos na normativa reguladora da dita xurisdición.

ORDENANZA FISCAL MUNICIPAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA VENDA DE ARTIGOS E MATERIAL PUBLICITARIO DO CONCELLO DE BEGONTE.

ARTIGO 1. FUNDAMENTO LEGAL.

No uso das atribucións conferidas nos artigos 41 a 47 e 127 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o prezo público pola venda de artigos e material publicitario no mercado de Nadal e calquera outro evento cultural e deportivo ou social organizado polo Concello de Begonte.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE. NACEMENTO DA OBRIGA.

A obrigación de pagar o prezo público xorde coa adquisición dos artigos publicitarios obxecto da presente ordenanza, co obxectivo de colaborar e axudar a financiar distintas campañas promovidas dende a área de servizos sociais do Concello de Begonte.

ARTIGO 3. PERSOAS OBRIGADAS AO PAGO.

Estarán obrigadas ao pago do prezo público estipulado para os produtos aos que se refire esta ordenanza as persoas que adquiran os artigos ofertados co fin mencionado anteriormente.

ARTIGO 4. TARIFAS.

A contía do prezo público regulado nesta ordenanza será fixada en función do custe de cada un dos distintos produtos e será aprobada en Xunta de Goberno Local.

ARTIGO 5. COBRO.

O pago do prezo público efectuarase no momento da adquisición dos artigos ou material obxecto da presente ordenanza.

ARTIGO 6. NORMAS DE XESTIÓN.

A xestión do prezo público regulado nesta ordenanza corresponderá ao persoal da Concellería de Servizos Sociais, baixo o control e inspección dos servizos da Intervención municipal.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e unha vez teña transcorrido o prazo a que se refire o artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en relación co artigo 65.2 da mesma, manténdose en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Begonte, 7 de marzo de 2025.- O ALCALDE, José Ulla Rocha.

R. 0613

BÓVEDA

Anuncio

Mediante Resolución de Alcaldía do 07/03/2025 aprobáronse as bases xerais que rexerán o procedemento para a selección dunha praza de **Traballador/a Social**, como persoal laboral temporal, a xornada completa (100%), cunha duración de tres (3) meses.

Segundo o disposto na base cuarta (4ª), as instancias dirixidas ao Sr. Alcalde presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, en horario de oficina, -09:00 / 14:00 horas-, durante o prazo de **cinco (5) días hábiles**,

comenzando a computarse o dito prazo a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Igualmente, as instancias poderán rexistrarse no Rexistro Electrónico Xeneral do Concello de Bóveda (Lugo) (<https://concellodeboveda.sedelectronica.es>) ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As citadas bases publicaranse na sede electrónica deste Concello <https://concellodeboveda.sedelectronica.es> (taboleiro de anuncios) e no taboleiro de anuncios físico do Concello, podendo consultarse tamén nas oficinas municipais en horario de atención ao público.

Bóveda, 7 de marzo de 2025.- O Alcalde, José Manuel Arias López.

R. 0614

O CORGO

Anuncio

Polo Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 28 de febreiro de 2025, prestouse aprobación ao expediente de modificación do orzamento con número 2/2025, de créditos extraordinarios e suplementos de crédito, por un importe total de DOUSCENTOS VINTE E SEIS MIL OITOCENTOS SESENTA EUROS (226.860,00 €), primeiro de competencia do Pleno.

Cumprindo o disposto no artigo 177.2 en relación co 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, expónse ao público polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría do Concello, co fin de que durante o mesmo (que se contará a partir do seguinte ao da inserción do edicto no Boletín Oficial da Provincia) poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas, que se deberán dirixir ao alcalde-presidente do Concello.

O Corgo, 6 de marzo de 2025.- O alcalde-presidente, Felipe Labrada Reija.

R. 0615

LUGO

Anuncio

DECRETO

Ilmo. Sr. don Ángel Pablo Permuy Villanueva, Tenente de alcaldesa delegado da Área de Xestión integral de Recursos Internos do Excmo. Concello de Lugo.

Instruído expediente relativo a: LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS E EXCLUIDOS/AS NO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A DÚAS PRAZAS DE CELADORES/AS DE COLEXIO PÚBLICO PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE ORDINARIO (OEP 2018), e tendo en conta os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día 3 de febreiro de 2021, adoptou, entre outros, o acordo 10/49 APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A CATRO PRAZAS DE CELADORES/AS DE COLEXIO PÚBLICO PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, DÚAS EN QUENDA DE ACCESO LIBRE ORDINARIO (OEP 2018) E DÚAS EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADO A PERSOAS CON DISCAPACIDADE (OEP 2015 E 2017)

- Polo Decreto Nº 2015/2021 do 15/03/2021 resolveuse convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a catro prazas de Celador/a Colexio Público pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, dúas en quenda de acceso libre ordinario (oep 2018) e dúas en quenda de acceso libre reservado a persoas con discapacidade (oep 2015 e 2017).

Dito Decreto foi publicado no BOP de Lugo número 77, de 7 de abril de 2021

- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día 4 de maio de 2022, adoptou, entre outros, o acordo 11/252 APROBACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE LUGO, LEI 20/2021 DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (BOP Lugo núm. 110 de 14 de maio de 2022) no que entre outros puntos acórdase:

Deixar sen efecto: parcialmente a oferta de emprego público do Concello de Lugo correspondente á anualidade de 2015 (unha praza de acceso libre reserva discapacitado Celador/a CEIP); parcialmente, a oferta

de emprego público do Concello de Lugo correspondente á anualidade de 2017 (unha praza de acceso libre reserva discapitado Celador/a CEIP) e desistir dos procesos selectivos convocados de dúas prazas de Celador/a CEIP reserva discapitado (OEP 2015 e 2017).

- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o 1 de xuño de 2022, adoptou, entre outros, o acordo 5/298 MODIFICACIÓN DO ACORDO 10/49 DE APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A CATRO PRAZAS DE CELADORES/AS DE COLEXIO PÚBLICO PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, DÚAS EN QUENDA DE ACCESO LIBRE ORDINARIO (OEP 2018) E DÚAS EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADO A PERSOAS CON DISCAPACIDADE (OEP 2015 e 2017)

- Polo Decreto Nº 7571/2022 do 22/07/2022 resolveuse modificar o Decreto Nº 2015/2021 do 15/03/2021 nos seus apartados primeiro, 1º e 5ª.

Dito Decreto foi publicado no BOP de Lugo Núm. 179 do 6 de agosto de 2022.

- Foi publicado extracto de dita convocatoria no «Diario Oficial da Galicia» número 98, de 27 de maio de 2021, con corrección no número 192, de 7 de outubro de 2022.

- O anuncio para prover a praza obxecto desta convocatoria foi publicado no “Boletín Oficial do Estado” núm. 266, do 5 de novembro de 2022.

- Con data do 2 de decembro de 2022 rematou o prazo de presentación de solicitudes.

- A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 25 de xaneiro de 2023 adoptou o acordo 7/29 DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A DÚAS PRAZAS DE CELADORES/AS DE COLEXIO PÚBLICO PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE ORDINARIO (OEP 2018).

- A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 4 de outubro de 2023 adoptou o acordo 21/742 MODIFICACIÓN DO ACORDO 7/29 DE DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A DÚAS PRAZAS DE CELADORES/AS DE COLEXIO PÚBLICO PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE ORDINARIO (OEP 2018).

- Polo Decreto Nº 10321/2023 do 20/11/2023 resolveuse aprobar a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo para o acceso en propiedade a dúas prazas de Celadores/as de Colexio Público pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre ordinario (OEP 2018).

O dito Decreto foi publicado no BOP de Lugo núm. 287 do 16 de decembro de 2023.

- A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 20 de decembro de 2023 adoptou o acordo 11/932 ESTIMACIÓN DUNHA SOLICITUDE DE ABSTENCIÓN E MODIFICACIÓN DO ACORDO 21/742 DE DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A DÚAS PRAZAS DE CELADORES/AS DE COLEXIO PÚBLICO PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE ORDINARIO (OEP 2018).

- Con data do 2 de xaneiro de 2024 rematou o prazo de presentación de enmendas.

- A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o 25 de setembro de 2024 adoptou o acordo 5/422 MODIFICACIÓN DO ACORDO 11/932 ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 20-12-2023 NO RELATIVO Á DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A DÚAS PRAZAS DE CELADORES/AS DE COLEXIO PÚBLICO PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE ORDINARIO (OEP 2018)

- Informe proposta da Xefa de Sección de Organización de Recursos Humanos, de data 21 de febreiro de 2025.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- No Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 099, do 2 de maio de 2017 foron publicadas as BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS PERTENCENTES Ó CADRO DE FUNCIONARIOS E DE PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE (no BOP de Lugo núm. 274, do 29 de novembro de 2018 foi publicada unha modificación das ditas bases xerais), figurando na súa base DUODÉCIMA.- LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS

“Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ou Concelleira/o Delegada/o, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A data, hora e lugar de celebración dos exercicios poderán publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de persoas admitidas e excluídas.

Estas resolucións deberán ser publicadas no BOP de Lugo.

Os sucesivos anuncios publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e nos locais onde se celebrou a proba anterior.”

Segundo.- No Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 287 do 16 de decembro de 2023, foi publicado o Decreto Nº 10321/2023 do 20/11/2023 resolveuse aprobar a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo para o acceso en propiedade a dúas prazas de Celadores/as de Colexio Público pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre ordinario (OEP 2018).

- Con data do 2 de xaneiro de 2024 rematou o prazo de presentación de enmendas, tendose recibido escritos de alegacións presentados por: BURITICA LAVERDE, LINA MARIA (DNI ***1765**); FERNANDEZ ALVAREZ, GONZALO (DNI ***8963**); FERNANDEZ ALVAREZ, NEREA (DNI ***8925**); GRAÑA QUIROGA, RODRIGO (DNI ***5536**); LOPEZ DIAZ, ANA ISABEL (DNI ***8186**); MEIJON SANTOS, ROBERTO (DNI ***2343**); NUÑEZ MEILAN, MARIA DEL CARMEN (DNI ***4595**); SANCHEZ FERNANDEZ, PATRICIA (DNI ***5377**) e ZAPATA FERNANDEZ, MARIA PILAR (DNI ***2153**) aportando a documentación requirida.

Visto o anterior, en base ás atribucións delegadas por decreto nº 464/2024 do 19/01/2024, modificado polo Decreto 4036/2024 do 30/04/24 e, ás atribucións delegadas por acordo 40/607 da XGL en sesión celebrada o 26 de xullo de 2023, modificado polo acordo 1/284, de 19 de xuño de 2024, **RESOLVO.**

Primeiro.- Aprobar a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo para o acceso en propiedade a dúas prazas de Celadores/as de Colexio Público pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre ordinario (OEP 2018) que a continuación se indica:

ADMITIDOS/AS

Apelidos e nome	DNI
ABELEDONISTAL, EVA	***4547**
ABELLEIRA FERREIROS, NADIA	***3914**
ALONSONUÑEZ, SILVIA	***4422**
ALONSORODRIGUEZ, DIEGO	***4969**
ALVAREZCASANOVAS, IRIA LARA	***3820**
ALVAREZPEREZ, ANA BELEN	***4203**
ANDIONPENA, JANET	***4822**
ANDIONPENA, NANCY	***4822**
ARESLOPEZ, JESUS ANGEL	***0770**
BALADOCANTO, JAVIER FRANCISCO	***6351**
BARREIRA PAZ, MANUEL JESUS	***1424**
BASANTAGARCIA, REMEDIOS	***4400**
BLANCO RODRIGUEZ, BEATRIZ	***2453**
BRAVOS PAZOS, MARCOS	***5796**
BURITICALAVERDE, LINA MARIA	***1765**
CABADOCABADO, MANUEL	***3769**
CARRIN MENDEZ, ALBA	***7947**
CARRIN MENDEZ, ESTHER	***3857**
CASAL PENA, JAVIER SANTIAGO	***3590**
CASAS REIGOSA, ISMAEL	***4103**

CASTRO GOMEZ, ALBA	***5780**
CASTRO LOPEZ, SILVIA	***3698**
CASTRO OZORES, JESSICA	***4695**
CORREDOIRA COBAS, PAULA	***8286**
COYA GOMEZ, PABLO	***4897**
DE FRUTOS DEL RIO, MIGUEL	***3544**
DE SAN JUAN BENITO, FRANCISCO JAVIER	***5641**
DEL RIO DEL RIO, ALBERTO	***7988**
DEVESA CABADO, JUDITH	***7835**
DIAZ PICO, JAVIER	***1702**
DOCE UZAL, FAUSTINO	***9095**
DOMINGUEZ NOVOA, MANUEL	***8997**
EIROA LONGARELA, DANIEL	***3591**
ESCOLANTE PEREZ, ROCIO	***4076**
FERNANDEZ ALVAREZ, GONZALO	***8963**
FERNANDEZ ALVAREZ, NEREA	***8925**
FERNANDEZ ARMESTO, MIGUEL	***7672**
FERNANDEZ CASTRO, BEATRIZ	***4000**
FERNANDEZ COYA, MARIA MERCEDES	***3669**
FERNANDEZ FERNANDEZ, SONIA	***3756**
FERNANDEZ GERBOLES, VANESA	***7973**
FERNANDEZ PAZ, LUIS MIGUEL	***2137**
FERNANDEZ SILVA, MARIA TRINIDAD	***3778**
FERNANDEZ VAZQUEZ, MARIA ELSA	***9657**
FIGUEROA PAZ, ANTONIO VENTURA	***4222**
FOUZ ARES, MARIA JESUS	***3886**
GANCEDO RODRIGUEZ, DAVID	***4099**
GARCIA FERNANDEZ, CLARA	***2039**
GARCIA IGLESIAS, NATALIA MARIA	***4373**
GARCIA LOPEZ, IGNACIO	***5522**
GAVIN RODRIGUEZ, CARMEN AMALIA	***3157**
GAYOSO VARELA, ISABEL	***4113**
GAYOSO VARELA, MARIA BELEN	***5091**
GIL SAA, JOSE LUIS	***4411**

GOMEZ MOREIRA, RUBEN	***7625**
GONZALEZ CABERO, YOLANDA	***7017**
GRAÑA QUIROGA, RODRIGO	***5536**
GUTIERREZ VIDAL, ANA	***3375**
JANEIRO GONZALEZ, MARIA JOSE	***3717**
JIMENEZ NUÑEZ, INMACULADA	***2788**
LAGE GOMEZ, MANUEL ROBERTO	***7843**
LAGE QUIJADA, ARANTXA	***7841**
LENCE PEREZ, JESUS ANGEL	***1102**
LONGARELA CEIDE, INMACULADA	***0624**
LONGARELA LOPEZ, MARIA DOLORES	***1538**
LOPEZ BLANCO, CRISTINA	***4882**
LOPEZ DIAZ, ANA ISABEL	***8186**
LOPEZ FERNANDEZ, PABLO	***3657**
LOPEZ GESTAL, JOSE LUIS	***4311**
LOPEZ MELLA, ANA BELEN	***3201**
LOPEZ MOSQUERA, MARIA FATIMA	***0012**
LOPEZ RODRIGUEZ, ANDREA	***5768**
LOPEZ RODRIGUEZ, FRANCISCO JAVIER	***2061**
LOPEZ SANTOS, JORGE	***8525**
MEIJON SANTOS, ROBERTO	***2343**
MENDEZ CASTRO, LAURA SARAI	***3225**
MENDEZ PRADOS, VANESA	***5189**
MENDEZ TEIJEIRO, JUAN CARLOS	***6807**
MOURELLE FERREIRO, AMPARO	***1098**
MULYK MULYK, HALYNA	***2524**
NUÑEZ GONZALEZ, LUCIA	***3578**
NUÑEZ MEILAN, MARIA DEL CARMEN	***4595**
ONEGA FALCON, VANESA	***3684**
OTERO RODRIGUEZ, NURIA	***9601**
OURO PLATERO, IVAN PABLO	***4337**
PAXARO GOMEZ, EVA	***4013**
PAZ RUIDO, BEGOÑA	***6304**
PENA ARGEREY, BELEN	***4081**

PENELAS SANCHEZ, MARIA SOL	***1701**
PENOUÇOS BLANCO, TANIA	***4711**
PEREZ ABELAIRAS, RAQUEL	***4131**
PEREZ ALVAREZ, MARIA BEGOÑA	***1562**
PEREZ LOPEZ, LUIS MANUEL	***2384**
PEREZ MARTINEZ, JUAN CARLOS	***2442**
PEREZ PENA, ALEJANDRO	***8122**
PIN DOMINGUEZ, MANUEL	***7892**
PIN QUIROGA, JULIO	***5513**
PORTAS MUINELO, CESAR	***4459**
RANDIS DA PENA, JOSE	***2273**
REGUEIRO LOPEZ, MARIA	***3820**
REIGADA GARCIA, TAMARA	***8119**
RIO VALLE, JOSE LUIS	***3153**
RIVERO MACIA, MARIA DEL ROCIO	***4571**
ROCA LOPEZ, BRUNO	***4749**
RODRIGUEZ CABAÑAS, MIGUEL	***3652**
RODRIGUEZ CARRASCO, FRANCISCO JAVIER	***1827**
RODRIGUEZ GOMEZ, ROBERTO DAVID	***2000**
RODRIGUEZ LODEIRO, MERCEDES	***3529**
RODRIGUEZ LOPEZ, MARIA BEGOÑA	***3454**
RODRIGUEZ LUACES, JOSE MANUEL	***4608**
RODRIGUEZ LUACES, MARIA CARMEN	***3278**
RODRIGUEZ NUÑEZ, JUAN CARLOS	***2883**
ROSA DA SILVA, LUCIA ESTEFANIA	***9065**
SANCHEZ FERNANDEZ, PATRICIA	***5377**
SANCHEZ JUNCAL, MARCOS IVAN	***7997**
SANCHEZ SANCHEZ, MARTA	***4631**
SANTOS ALVAREDO, MONICA	***2948**
SEIJAS CASTEDO, SABELA	***4711**
SUAREZ LOPEZ, JORGE	***4420**
VALIN LOPEZ, ANA	***4138**
VALIÑA PENA, MANUEL BARUC	***4042**
VARELA LOPEZ, LUIS JOSE	***4525**

VAZQUEZ FERNANDEZ, ADRIAN	***3946**
VAZQUEZ YAÑEZ, OSCAR	***3742**
VILLAR FERNANDEZ, ANA ISABEL	***1917**
YAÑEZ VAZQUEZ, PABLO	***2622**
ZAPATA FERNANDEZ, MARIA PILAR	***2153**

EXCLUIDOS/AS

Apelidos e nome	DNI	Motivo de exclusión
DELMO SUANZES, ANGEL ADOLFO	***0030**	(5)
DIAZ FERNANDEZ, MARIA JOSE	***6090**	(1)
FERNANDEZ LOPEZ, MARIA JOSE	***2521**	(2)
FERNANDEZ VARELA, IVAN	***4169**	(3)
FUENTES FREIJE, ELIDA	***1010**	(1)
GARCIA MONTOUTO, MARIA ANGELES	***9729**	(3)
GAVIEIRO PEREZ, IRIA	***4869**	(1)
LODEIRO SARMIENTO, MANUEL	***8647**	(1)
LOPEZ DORADO, CESAR	***3858**	(1) e (3)
PEREZ ALVAREZ, CARLOS	***2659**	(1)
RODRIGUEZ ALONSO, RODRIGO	***8667**	(1)
RODRIGUEZ LOSADA, SUSANA MARIA	***0669**	(2)
VAZQUEZ PEREZ, TOMAS ANGEL	***1409**	(3)
VAZQUEZ RIVERA, OSCAR	***7686**	(1)

(1) Non constar fotocopia do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea. (Base NOVENA.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS das BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS PERTENCENTES Ó CADRO DE FUNCIONARIOS E DE PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE)

(2) Por non constar fotocopia do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea. (Base NOVENA.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS das BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS PERTENCENTES Ó CADRO DE FUNCIONARIOS E DE PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE) vixente no prazo de presentación de solicitudes.

(3) Solicitar participar na convocatoria de prazas pola quenda de discapacidade (ás prazas convocadas corresponden á quenda de acceso libre)

(4) Presentar a solicitude sen asinar.

(5) Nos cumprir os requisitos establecidos na Base OITAVA.- REQUISITOS DO PERSOAL ASPIRANTE, apartado c) das BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS PERTENCENTES Ó CADRO DE FUNCIONARIOS E DE PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE (Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa, excepto naqueles casos en que por Lei veña establecida outra idade para a cobertura de determinadas prazas.)

Segundo.- Facer público que, a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o 25 de setembro de 2024 adoptou o acordo 5/422 relativo á modificación dos acordos de designación dos membros do tribunal cualificador do PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A DÚAS PRAZAS DE CELADORES/AS DE COLEXIO PÚBLICO PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE ORDINARIO (OEP 2018), quedando dito tribunal constituído do seguinte xeito:

Presidencia:

- D.^a Amparo Rubinos Hermida, xefa de servizo Participación e Atención Cidadá do Concello de Lugo.

Suplente: D. Juan Ignacio Márquez Gacio, xefe do Servizo de Licenzas do Concello de Lugo.

Vogais:

- D.^a María Hortensia García Montero, xefa de negociado do Concello de Lugo.

Suplente: D.^a María Elisa Graña Piñeiro, auxiliar administrativa do Concello de Lugo.

- D. Carlos Bargeiras Vázquez, xefe de negociado delineante do Concello de Lugo.

Suplente: D.^a María del Carmen Rozas Bello, xefa de sección do Órgano de Orzamentación e Contabilidade.

- D.^a María del Carmen Neira Vieito, xefa da Sección de Atención Cidadá do Concello de Lugo.

Suplente: D.^a María Jesús López Vázquez, xefa do Servizo de Fomento do Concello de Lugo.

Secretaría:

- D.^a Ana María Rivas García, secretaria xeral do Pleno do Concello de Lugo.

Suplente: D. Justo Díaz Rodríguez, vicesecretario accidental do Concello de Lugo.

Terceiro.- Facer constar que a data, hora e lugar de realización da primeira proba será fixada polo Tribunal cualificador e publicada no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica e na páxina web do Concello de Lugo.

Cuarto .- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo pódense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta notificación.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á notificación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 25 de febreiro de 2025.- Tenente de alcaldesa delegado da Área de Xestión integral de Recursos Internos, Ilmo Sr. don Ángel Pablo Permuy Villanueva.

R. 0616

MONTERROSO*Anuncio*

CONVOCATORIA PARA A CREACION DE BOLSAS DE EMPREGO DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA OS POSTOS DE:

CENTRO DE DÍA.- Auxiliar cociña

ESCOLA INFANTIL.- Auxiliar cociña.

Lugar e prazo de presentación de instancias: No Rexistro Xeral do Concello de Monterroso, no prazo de 05 días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP de Lugo.

As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios do Concello sito na sede electrónica do concello <https://monterroso.sedelectronica.es/info.0>

Monterroso, 6 de marzo de 2025.- O Alcalde, Eloy Pérez Sindín.

R. 0617

OUROL*Anuncio***EXPOSICIÓN AO PÚBLICO**

Por Decreto de Alcaldía número 2025-0071, de 3 de marzo de 2025, prestouse aprobación inicial ao **Padrón fiscal do SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR correspondente ao mes de FEBREIRO de 2025 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar** polo importe de catro mil catrocentos catro euros con corenta e seis céntimos (4.404,46 €), correspondendo dous mil douscentos noventa e catro euros con oitenta e seis céntimos (2.294,86 €) a dependencia e dous mil cento nove euros con sesenta céntimos (2.109,60 €) a libre concorrencia.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de **15 días**, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade con artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo **dun mes**, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento do mesmo, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas. Para os demais contribuíntes os recibos poranse á súa disposición nas oficinas municipais para efectuar o pago.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Ourol, 5 de marzo de 2025.- O Alcalde – Presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 0622

PANTÓN*Anuncio***EDICTO.**

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓN E ANUNCIO DE COBRANZA DO PADRÓN FISCAL DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTE AO MES DE FEBREIRO DE 2025.

A Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde Decreto número 2023-0180, do 26.06.2023) e en virtude de Acordo do 06.03.2025, aprobou o Padrón fiscal da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de febreiro de 2025, o cal se expón ao público, para a súa notificación colectiva, de acordo co disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, durante o prazo de vinte (20) días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente edicto no Boletín da Provincia de Lugo e no taboleiro de edictos do concello. Durante este prazo, o devandito Padrón estará ao dispor das persoas interesadas no concello, a fin de que o poidan examinar e formular cantas observacións, alegacións ou reclamacións teñan por conveniente.

Contra o acto de aprobación do Padrón e das liquidacións incorporadas a estes, os/as contribuíntes e, en xeral, as persoas interesadas, poderán interpor os seguintes recursos:

1. Recurso de reposición, ante a Alcaldía deste concello, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da finalización da exposición pública do Padrón, que se entenderá rexeitado se ó transcorrer un mes desde a súa presentación non se resolve de maneira expresa.
2. Recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, con sede en Lugo, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa, e no prazo de seis meses desde que se produza o acto presunto.

3. Poderá interporse calquera outro recurso que as persoas interesadas lles conveña.

ANUNCIO.

En cumprimento do disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, expónse ao público o seguinte anuncio de cobranza:

- Tributos que se poñen ó cobro: Taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de febreiro de 2025.
- Prazo de ingreso en período voluntario: do 01.04.2025 ao 31.05.2025, ambos inclusive. Data de cargo en conta: 15.04.2025
- Modalidade de ingreso: a través do servizo de recadación do concello. Con carácter xeral poderá usarse como forma de pagamento a domiciliación bancaria.
- Lugar de ingreso: servizo de recadación do concello. Praza do Concello, s/n. Pantón.
- Días de ingreso: días hábiles, de luns a venres, das 10 ás 14 horas. CONCELLO DE PANTÓN (LUGO), Praza do Concello, s/n - 27430 Pantón (Lugo). Telf.: 982 45 60 05 - Fax: 982 45 65 62

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfixera a débeda iniciárase o período executivo, de acordo co tenor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de demora, así como as recargas que correspondan e, no seu caso, das costas do procedemento de prema.

Pantón, 7 de marzo de 2025.- O alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 0618

Anuncio

CONCURSO PARA A ADXUDICACIÓN DE TRES VIVENDAS SOCIAIS MUNICIPAIS EN RÉXIME DE ALUGUEIRO.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Pantón, por Acordo do 6 de marzo de 2025, acordou aprobar as bases que rexerán o concurso para a adxudicación de tres vivendas sociais municipais, en réxime de alugueiro, e convocar o concurso de referencia, abríndose o prazo de presentación de solicitudes, que será de QUINCE (15) DÍAS HÁBILES a contar deste o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

O texto íntegro das bases que han de rexer o concurso de referencia é o seguinte:

“BASES QUE REXERÁN O CONCURSO PARA A ADXUDICACIÓN DE TRES VIVENDAS SOCIAIS MUNICIPAIS, EN RÉXIME DE ALUGUEIRO.

1.- OBXECTO DAS BASES. CARACTERÍSTICAS DAS VIVENDAS A ALUGAR.

É obxecto destas bases a regulación do procedemento de selección para adxudicar, en réxime de alugueiro, tres vivendas sociais de titularidade municipal, sitas no lugar de Curro 27, parroquia de Ferreira de Pantón.

As características de cada vivenda obxecto de adxudicación describiranse no correspondente contrato de alugueiro. A formalización do contrato de alugueiro efectuarase en función á efectiva dispoñibilidade da vivenda.

Características das vivendas:

Vivienda Bajo B:

Vivienda situada en la planta baja, izquierda entrando, con acceso desde el portal, compuesta por salón - comedor - cocina, dos dormitorios, cuarto de baño y distribuidor.

Superficie construída: 86,30 m²

Superficie útil: 70,70 m²

Anejos:

Parcela situada al Oeste de la edificación, de 121,90 m², con acceso desde la plaza del Curro y desde la propia vivienda.

Trastero situado en la planta baja, al noreste de la edificación, con acceso desde las zonas comunes, de 7,60 m² útiles y 9,35 m² construídos.

Vivienda 1º A:

Vivienda situada en la planta alta, izquierda subiendo, con acceso desde la caja de escaleras, compuesta por salón – comedor – cocina, dos dormitorios y cuarto de baño.

Superficie construida: 69,10 m²

Superficie útil: 57,30 m²

Anejos:

Parcela situada al Norte de la edificación, de 18,20 m², con acceso desde el trastero anejo.

Trastero situado en la planta baja, al Norte de la edificación, con acceso desde las zonas comunes, de 7,00 m² útiles y 8,30 m² construidos.

Vivienda 1º B:

Vivienda situada en la planta alta, derecha subiendo, con acceso desde la caja de escaleras, compuesta por salón – comedor – cocina, dos dormitorios y cuarto de baño.

Superficie construida: 69,10 m²

Superficie útil: 57,85 m²

Anejos:

Parcela situada al Noroeste de la edificación, de 15,35 m², con acceso desde las zonas comunes.

Trastero situado en la planta baja, al Norte de la edificación, con acceso desde las zonas comunes, de 7,00 m² útiles y 9,00 m² construidos.

2.- CONDICIÓN PARA A ADMISIÓN DE SOLICITUDES.

Poderán acceder a estas vivendas as persoas, nacionais ou estranxeiras, maiores de idade e con plena capacidade de obrar que, como titulares dunha unidade familiar ou convivencial, reúnan os seguintes requisitos :

1ª Estar inscrito como demandante de vivenda no rexistro de demandantes de vivenda protexida de Galicia, (Consellería de Infraestruturas e Vivenda) da provincia de Lugo, do Concello de Pantón, en opción de alugueiro

2 .- Non ter sido beneficiario ou beneficiaria nos últimos quince anos de vivendas de promoción pública, tanto en réxime de propiedade como en calquera outro réxime de cesión de uso.

3ª.- Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Concello da Pantón e non ter ningunha débeda pendente por calquera concepto co Concello da Pantón

4ª.- Estar empadroados no Concello de Pantón, cunha antigüidade mínima de tres meses.

5ª.- Carecer, ou ter perdido o uso, de vivenda en calidade de propietario/a, arrendador/a, usufrutuário/a ou calquera outro título en dereito que permita o seu uso e gozo, agás que se dean algunha das seguintes circunstancias:

a) Excepcionalmente, poderán acceder a unha vivenda protexida as persoas que sexan propietarias doutra vivenda cando estea suxeita a expediente de expropiación forzosa, as persoas separadas ou divorciadas que se atopen ao corrente no pagamento das pensións alimenticias e compensatorias e que fosen privadas do uso da vivenda por sentenza ou convenio regulador e as que ocupen aloxamentos provisionais como consecuencia de actuacións de emerxencia ou remodelacións urbanas que impliquen a perda da súa vivenda ou calquera outra situación excepcional declarada polo organismo competente en materia de vivenda (artigo 64.1 da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia).

b) Acreditar que a vivenda da que se dispón sexa inhabitable, insuficiente ou inadecuada nos termos especificados na Resolución do 14 de setembro de 2012 do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

3.- SOLICITUDES E ADXUDICACIÓN.

O prazo de presentación das solicitudes será de QUINCE (15) DÍAS LABORAIS a partir do día seguinte ao da publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello, así como na súa sede electrónica. Coas solicitudes, que se formalizarán no modelo facilitado ao efecto polo concello (Anexo I), terán que achegarse declaración ou declaracións onde se especificarán os datos persoais e da unidade convivencial e os relativos ao cumprimento das condicións xerais de admisión contempladas nas bases (tamén consonte aos modelos facilitados polo concello como Anexos II e III), así como a seguinte documentación:

1.- Datos sobre a identidade do solicitante e membros da unidade familiar ou de convivencia.

a) Fotocopia do D.N.I., N.I.E ou tarxeta de identificación de cada un dos membros da unidade de convivencia.

b) Fotocopia do Libro de familia (se é o caso).

2.- Circunstancias persoais e familiares:

a) Certificado de empadramento de todos os membros da unidade familiar ou de convivencia.

b) Calquera documentación acreditativa de atoparse afectado por situación estipulada en calquera apartado do punto 2 das presentes bases.

3.- Situación económica.

Acreditación da situación económica de cada un dos membros da unidade familiar ou de convivencia mediante a seguinte documentación:

a) Declaración da Renda de todos os membros da unidade familiar obrigados a presentala; ou certificado negativo da Axencia Tributaria consonte non está obrigado á súa presentación.

b) Nóminas ou certificados de empresa que acrediten os ingresos obtidos por rendementos de traballo (no seu caso), nos últimos 6 meses anteriores á presentación da solicitude.

c) Certificado de pensións ou prestacións (no caso da súa percepción), nos últimos 6 meses anteriores á presentación da solicitude.

d) Calquera outra documentación acreditativa da percepción duns ingresos económicos nos últimos 6 meses anteriores á presentación da solicitude.

e) Declaración xurada de estar ao día das obrigas tributarias co Concello e non ter ningunha débeda pendente por calquera concepto co Concello da Pantón (no seu momento verificarase de oficio a veracidade desta declaración) (Anexo II).

f) Autorización para solicitar por vía telemática as certificacións do catastro de se os membros da unidade familiar ou convivencial son ou non titulares de bens inmobles en todo o territorio nacional (Anexo III). Os membros da unidade familiar maiores de 18 anos ou solicitantes que non asinen esta autorización deberán entregar directamente os certificados correspondentes.

3.1. Formación do listado de persoas demandantes de vivendas sociais en réxime de alugamento.

Rematado o prazo da presentación de solicitudes, por parte do Departamento de Servizos Sociais procederase á valoración dos criterios de adxudicación das vivendas co obxecto de determinar o listado de persoas beneficiarias admitidas.

Deberase acreditar a percepción duns ingresos económicos mínimos ou de axudas, públicas ou privadas, que lles permitan facer fronte ás obrigas económicas que deriven do contrato de arrendamento. Nestes supostos, deberá revisarse a situación particular polos servizos sociais do Concello da Pantón, que verificarán a suficiencia de recursos para o pago da renda, elevando a proposta correspondente ao órgano municipal competente.

Examinadas as solicitudes presentadas, feitas as emendas precisas, e as comprobacións de oficio, procederase á aprobación da correspondente lista provisional de persoas admitidas e excluídas e en que vivendas terían dereito a optar en función dos membros da unidade de convivencia.

Realizado informe polo Departamento de Servizos Sociais, a lista provisional aprobarase pola Xunta de Goberno Local. Esta lista quedará exposta no taboleiro de anuncios do Concello así como na súa sede electrónica durante dez días laborais, para que as persoas interesadas, se así o tiveran por conveniente, interpoñan as reclamacións que consideren oportunas ou subsanen as solicitudes declaradas incompletas.

Transcorrido o período de reclamacións ou subsanación, a Xunta de Goberno Local aprobará a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, contra o dito acordo poderase interpoñer polos interesados o recurso de reposición no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación ou directamente diante da xurisdición contencioso - administrativa na forma e prazos previstos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso -Administrativa.

3.2. Procedemento de adxudicación.

O procedemento para levar a cabo a adxudicación das vivendas será o que a continuación se indica, garantindo en todo momento a publicidade e concorrencia:

a) Adxudicación das vivendas ás que opte un/unha único/a solicitante:

Seralle adxudicada a vivenda directamente sempre e cando reúna os requisitos de admisión.

b) Adxudicación das vivendas ás que opten dous ou máis solicitantes:

Terán preferencia na adxudicación as unidades familiares ou de convivencia con ingresos inferiores a 2,5 veces o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM).

No caso de persistir o empate, en acto público procederase ao sorteo entre as persoas solicitantes.

Determinados polo procedemento precedente os/as adxudicatarios/as das vivendas obxecto de alugueiro, a Xunta de Goberno Local procederá a resolver sobre a adxudicación das mesmas para a posterior formalización mediante o correspondente contrato de arrendamento.

As persoas seleccionadas, no prazo de dez días naturais contados desde a notificación da adxudicación ao seu favor, deberán aceptar formalmente a adxudicación e comprometerse a formalizar o contrato no prazo que se sinala. No caso de renuncia ou de non aceptar ou comprometerse a formalizar o contrato entenderase que a persoa beneficiaria renuncia a adxudicación. Neste caso a Xunta de Goberno Local procederá a resolver a adxudicación ao seguinte beneficiario da lista.

Os/as beneficiarios/as deberán subscribir anualmente un seguro multirrisco do fogar que cubra como mínimo o risco de incendio, así como tamén os posibles estragos que puideran ocasionarse, o cal deberán acreditar cada ano no Concello. O Concello de Pantón poderá subrogarse nesta obriga no caso de incumprimento da persoa beneficiaria, prorrateando o importe do seguro de referencia en 12 mensualidades que serán aboadas xunto coa renda mensual da vivenda.

Unha vez formalizado o contrato de alugamento, e unha vez depositada a fianza nas arcas municipais do concello, procederase á entrega das chaves, debendo ocuparse a vivenda adxudicada no prazo máximo dun mes a contar desde a entrega das mesmas. No caso de incumprimento desta última condición procederase á resolución do contrato.

Cada vez que se produza unha vacante na vivenda alugada o Concello poderá adxudicala entre os solicitantes en lista de espera. Antes da súa nova adxudicación, o Concello poderá supervisar os datos das unidades de convivencia en lista de espera, para comprobar a vixencia dos requisitos determinantes para seren beneficiarios de vivendas sociais.

Quen acceda ás vivendas en alugueiro a través da lista de espera, subscribirán un novo contrato de arrendamento sen prexuízo do cómputo do contrato anterior, a efectos de que a vivenda se considere alugada, e polo período restante para a finalización do contrato.

4.- DURACIÓN DOS CONTRATOS.

Agás disposición en contrario nos correspondentes contratos de arrendamento, o contrato realizarase por un período de sete anos, contados desde a formalización do arrendamento en documento administrativo, e, no seu caso, poderán prorrogarse, ata un máximo de 3 anos máis.

Para a validez da prórroga as persoas arrendatarias deberán cumprir todos os requisitos esixidos como beneficiarias de vivendas sociais. Unha vez expirado o prazo do contrato, as persoas arrendatarias poñerán a vivenda a disposición do concello, sen necesidade de requirimento algún. Con antelación suficiente ao vencemento do contrato, o Concello da Pantón iniciará un novo procedemento para volver a adxudicar a vivenda social en réxime de alugueiro.

5.- RENDA MENSUAL INICIAL, REVISIÓNS, FORMA DE PAGO E FIANZA.

Agás disposición en contrario ou actualización económica nos correspondentes contratos de alugamento, como prezo do arrendamento, fíxase como renda mensual as cantidades seguintes:

Precio vivendas

Vivienda Bajo B:.....200 EUROS

Vivienda 1º A:.....200.EUROS

Vivienda 1º B:.....200.EUROS

A renda mensual será pagadoira por meses anticipados, dentro dos dez primeiros días de cada mes.

O prezo do alugamento inclúe os gastos xerais do inmovible, servizos, tributos, cargas e demais responsabilidades non susceptibles de individualización, pero non así os gastos por servizos cos que conta a vivenda arrendada e que se individualizan mediante aparatos contadores, que serán de conta do arrendatario, así como a taxa pola recollida do lixo. A falta de pagamento da renda será causa de desafiuamento.

A renda mensual revisarase de acordo co IPC interanual experimentado no ano inmediato anterior, segundo a publicación do INE.

Os adxudicatarios deberán presentar fianza suficiente polo importe dunha mensualidade da renda estipulada á sinatura do contrato de alugamento. O obxecto da fianza será a de cubrir a falta de pagamento dalgunha mensualidade, dos posibles danos á vivenda ou ao seu equipamento que se entrega conxuntamente con ela.

6.- CONDICIÓNS DO ALUGUEIRO E USO DAS VIVENDAS ARRENDADAS.

As vivendas obxecto das presentes bases estarán suxeitas ás prohibicións e limitacións derivadas da normativa particular do réxime de protección oficial ou promoción pública.

A persoa arrendataria estará obrigada a ocupar a vivenda e a destinala á súa residencia habitual e permanente, non podendo estar desocupada a mesma de xeito habitual ou adicada a segunda residencia ou a

outros usos non autorizados. Se a fose a desocupar por un período superior a 2 meses, o arrendatario deberá previamente comunicar por escrito a devandita circunstancia ao Concello e explicar as razóns da desocupación. O incumprimento da obriga de ocupar a vivenda será causa de resolución do contrato de arrendamento.

O Concello terá dereito a acceder á vivenda para revisar periodicamente as súas condicións de conservación e habitabilidade, avisando con antelación aos arrendatarios do día e hora na que pretenda facer a inspección.

As reparacións nas vivendas que sexan precisas para conservarlas en condicións de habitabilidade correrán a cargo do Concello da Pantón, agás os deterioros imputables ao arrendatario conforme ao disposto nos arts. 1.563 e 1.564 do Código Civil.

Os/as adxudicatarios/as non poderán facer cesión do contrato de alugamento a favor doutra persoa, de facerse será causa de resolución do contrato.

O mantemento e coidado de cada vivenda levarase a cabo por cada usuario, responsabilizándose de calquera dano ou uso indebido da mesma ou dos mobles e do chan. Calquera dano ou rotura será reparado ou repostado por cada usuario. De non facelo será reparado polo concello á súa conta.

O contrato de arrendamento da vivenda poderá ser resolto de forma unilateral pola Xunta de Goberno Local da Corporación, por un mal uso da vivenda, deterioro intencionado da mesma, do mobiliario, falta de hixiene e limpeza tanto das zonas comúns da vivenda ou molestias ós veciños.

7.- INCUMPRIMENTO DAS CONDICIÓNS.

O incumprimento das condicións a que se refiren as presentes bases, a falsidade dos datos relativos ás circunstancias susceptibles de baremación, e, en xeral, o incumprimento da normativa de vivendas sociais, dará lugar á rescisión do contrato e a unha nova adxudicación da vivenda entre os solicitantes que figuren na lista de espera.

8.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De conformidade co previsto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase que os datos incorporados á presente convocatoria son necesarios e teñen como finalidade tramitar a súa solicitude. Poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos nos termos previstos na citada Lei Orgánica, dirixíndose por escrito ao Concello da Pantón, Praza do Concello sn, 27430 Pantón (LUGO).

9.- NORMATIVA SUPLETORIA.

En todo o non previsto expresamente nas bases de condicións será de aplicación o previsto na Lei de Arrendamentos Urbanos e o Código Civil.

ANEXO I- MODELO DE SOLICITUDE

DATOS DO/A SOLICITANTE:

Apelidos e Nome:

Domicilio a efectos de notificación:

Localidade:

C.P.:

Teléf.:

DNI :

Dirección correo electrónico:

EXPOÑO

PRIMEIRO: Que vista a convocatoria anunciada no taboleiro de anuncios do Concello da Pantón sede electrónica e BOP, en relación a convocatoria para participar no proceso de admisión e selección de persoas demandantes de tres vivendas sociais en réxime de alugamento, de acordo cas bases aprobadas polo Concello e coa seguinte preferencia:

N.º Orde Inmoble

SEGUNDO: Que reúno todas as condicións esixidas nas bases para a ADXUDICACIÓN DE TRES VIVENDAS SOCIAIS MUNICIPAIS, EN RÉXIME DE ALUGAMENTO.

TERCEIRO: Que declaro coñecer as bases xerais da convocatoria relativas das TRES vivendas sociais en réxime de alugamento.

CUARTO: Que a unidade familiar ou de convivencia está composta polas seguintes persoas:

NOME E APELIDOS

NIF

PARENTESCO OU VÍNCULO

QUINTO: Que xunto coa instancia presento toda a documentación requirida na bases, das aprobadas:

(Sinalar cun x a documentación que se xunta á solicitude)

1.- Datos sobre a identidade do solicitante e membros da unidade familiar ou de convivencia:

0 Fotocopia do D.N.I., N.I.E ou tarxeta de identificación de cada un dos membros da unidade de convivencia.

0 Fotocopia do Libro de familia (se é o caso).

2.- Circunstancias persoais e familiares:

0 Certificado de empadramento de todos os membros da unidade familiar ou de convivencia.

0 Calquera documentación acreditativa de atoparse afectada por situación estipulada en calquera apartado do punto 2 das presentes bases.

3.- Situación económica.

Acreditación da situación económica mediante a seguinte documentación:

0 Declaración da Renda de todos os membros da unidade familiar obrigados a presentala; ou certificado negativo da Axencia Tributaria consonte non está obrigado á súa presentación.

0 Nóminas ou certificados de empresa que acrediten os ingresos obtidos por rendementos de traballo dos últimos 6 meses anteriores á presentación da solicitude.

0 Certificado de pensións ou prestacións (no caso da súa percepción) dos últimos 6 meses anteriores á presentación da solicitude.

0 Calquera outra documentación acreditativa da percepción duns ingresos económicos dos últimos 6 meses anteriores á presentación da solicitude.

0 Declaración xurada de estar ao día das obrigas tributarias co Concello e non ter ningunha débeda pendente por calquera concepto co Concello de Pantón (no seu momento verificarase de oficio a veracidade desta declaración) (Anexo II).

4.- Presentar acreditación de estar inscrita como demandante de vivenda no rexistro de demandantes de vivenda protexida de Galicia, (Consellería de Infraestruturas e Vivenda) da provincia de Lugo, do Concello de Pantón, en opción de alugueiro

SOLICITO

Que se admita esta solicitude para participar no proceso de selección de persoas demandantes de vivendas sociais en réxime de alugamento.

Pantón, de de 2025.

O/A solicitante (sinatura)

Asinado: (Nome e apelidos)

ANEXO II. DECLARACIÓN XURADA

As persoas que asinan o presente documento declaran estar ao día das obrigas tributarias co Concello de Pantón e non ter ningunha débeda pendente por calquera concepto co Concello de Pantón (no seu momento verificarase de oficio a veracidade desta declaración).

NOME E APELIDOS NIF PARENTESCO OU VÍNCULO COA PERSOA SOLICITANTE * DATA SINATURA DA PERSOA OU DO SEU PAI/NAI/TITOR LEGAL NO CASO DE SER MENOR DE IDADE, OU TITOR LEGAL NO CASO DE INCAPACIDADE

SOLICITANTE

* A primeira fila está reservada á persoa solicitante, as seguintes filas completaranse cos datos das restantes persoas da unidade familiar ou de convivencia.

Esta autorización poderá ser revogada en calquera momento mediante escrito dirixido ao Concello da Pantón.

Os membros da unidade familiar maiores de 18 anos ou solicitantes que non asinen esta autorización deberán entregar directamente

»

SEGUNDO.- Publicar as devanditas Bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios do Concello, así como na súa sede electrónica (<https://panton.sedelectronica.gal/info.0>).

TERCEIRO.- Dar conta do presente acordo aos concelleiros/as integrantes da Corporación municipal.

Pantón, de de 2025.

O/A solicitante (sinatura)

Asinado: (Nome e apelidos)

ANEXO I- MODELO DE SOLICITUDE**DATOS DO/A SOLICITANTE:**

Apelidos e Nome:

Domicilio a efectos de notificación:

Localidade:

C.P:

Teléf.:

DNI :

Dirección correo electrónico:

EXPOÑO

PRIMEIRO: Que vista a convocatoria anunciada no taboleiro de anuncios do Concello da Pantón sede electrónica e BOP, en relación a convocatoria para participar no proceso de admisión e selección de persoas demandantes de catro vivendas sociais en réxime de alugamento, de acordo cas bases aprobadas polo Concello.

SEGUNDO: Que reúno todas as condicións esixidas nas bases para a ADXUDICACIÓN DE CATRO VIVENDAS SOCIAIS MUNICIPAIS, EN RÉXIME DE ALUGAMENTO.

TERCEIRO: Que declaro coñecer as bases xerais da convocatoria relativas das catro vivendas sociais en réxime de alugamento.

CUARTO: Que a unidade familiar ou de convivencia está composta polas seguintes persoas:

NOME E APELIDOS	NIF	PARENTESCO OU VÍNCULO

QUINTO: Que xunto coa instancia presento toda a documentación requirida na bases, das aprobadas:

(Sinalar cun x a documentación que se xunta á solicitude)

1.- Datos sobre a identidade do solicitante e membros da unidade familiar ou de convivencia:



Fotocopia do D.N.I., N.I.E ou tarxeta de identificación de cada un dos membros da unidade de convivencia.



Fotocopia do Libro de familia (se é o caso).

2.- Circunstancias persoais e familiares:

- Certificado de empadramento de todos os membros da unidade familiar ou de convivencia.
- Calquera documentación acreditativa de atoparse afectada por situación estipulada en calquera apartado do punto 2 das presentes bases.

3.- Situación económica.

Acreditación da situación económica mediante a seguinte documentación:

- Declaración da Renda de todos os membros da unidade familiar obrigados a presentala; ou certificado negativo da Axencia Tributaria consonte non está obrigado á súa presentación.
- Nóminas ou certificados de empresa que acrediten os ingresos obtidos por rendementos de traballo dos últimos 6 meses anteriores á presentación da solicitude.
- Certificado de pensións ou prestacións (no caso da súa percepción) dos últimos 6 meses anteriores á presentación da solicitude.
- Calquera outra documentación acreditativa da percepción duns ingresos económicos dos últimos 6 meses anteriores á presentación da solicitude.
- Declaración xurada de estar ao día das obrigas tributarias co Concello e non ter ningunha débeda pendente por calquera concepto co Concello de PANTON (no seu momento verificarase de oficio a veracidade desta declaración) (Anexo II).
- Autorización para solicitar por vía telemática as certificacións do catastro de se os membros da unidade familiar ou convivencial son ou non titulares de bens inmobles en todo o territorio nacional (Anexo III) ou certificados correspondentes que acrediten esta situación.

4 Presentar acreditación de estar inscrita como demandante de vivenda no rexistro de demandantes de vivenda protexida de Galicia, (Consellería de Infraestruturas e Vivenda) da provincia de Lugo, do Concello de PANTON, en opción de alugueiro

SOLICITO

Que se admita esta solicitude para participar no proceso de selección de persoas demandantes de vivendas sociais en réxime de alugamento.

Pantón, de de 2025.

O/A solicitante (sinatura)

Asinado: (Nome e apelidos)

ANEXO II. DECLARACIÓN XURADA

As persoas que asinan o presente documento declaran estar ao día das obrigas tributarias co Concello de PANTON e non ter ningunha débeda pendente por calquera concepto co Concello de PANTON (no seu momento verificarase de oficio a veracidade desta declaración).

NOME E APELIDOS	NIF	PARENTESCO OU VÍNCULO COA PERSOA SOLICITANTE *	DATA	SINATURA DA PERSOA OU DO SEU PAI/NAI/TITOR LEGAL NO CASO DE SER MENOR DE IDADE, OU TITOR LEGAL NO CASO DE INCAPACIDADE
		SOLICITANTE		

* A primeira fila está reservada á persoa solicitante, as seguintes filas completaranse cos datos das restantes persoas da unidade familiar ou de convivencia.

ANEXO III. AUTORIZACIÓN PARA SOLICITAR POR VÍA TELEMÁTICA AS CERTIFICACIÓNS DO CATASTRO DE SE OS MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR OU CONVIVENCIAL SON OU NON TITULARES DE BENS INMOBLES EN TODO O TERRITORIO NACIONAL.

Os asinantes autorizamos ao Concello DE PANTON para a obtención telemática das certificacións do Catastro de se os membros da unidade familiar ou convivencial son ou non titulares de bens inmoables en todo o territorio nacional.

NOME E APELIDOS	NIF	PARENTESCO OU VÍNCULO COA PERSOA SOLICITANTE *	DATA	SINATURA DA PERSOA OU DO SEU PAI/NAI/TITOR LEGAL NO CASO DE SER MENOR DE IDADE, OU TITOR LEGAL NO CASO DE INCAPACIDADE
		SOLICITANTE		

* A primeira fila está reservada á persoa solicitante, as seguintes filas completaranse cos datos das restantes persoas da unidade familiar ou de convivencia.

Esta autorización poderá ser revogada en calquera momento mediante escrito dirixido ao Concello da PANTON.

Os membros da unidade familiar maiores de 18 anos ou solicitantes que non asinen esta autorización deberán entregar directamente os certificados correspondentes.

“CONCELLO DE PANTON”

Así mesmo, os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, publicaranse no taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Pantón e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Pantón (<https://panton.sedelectronica.gal/info.0>).

Contra a convocatoria e as bases reguladoras, que poñen fin á vía administrativa, pódese interpoñer alternativamente ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, ante o Alcalde deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo con sede en Lugo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que se poida exercer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Pantón, 7 de marzo de 2025.- O alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 0619

Anuncio

MODIFICACIÓN ORDENANZA FOMENTO DA NATALIDADE

“O Concello de Pantón aprobou a Ordenanza municipal reguladora das axudas para o fomento da natalidade e das axudas de nenos (BOP Núm. 267 – Viernes, 20 de Noviembre de 2015)

A experiencia de anos de vixencia da Ordenanza amosa a necesidade de flexibilizar o procedemento para a concesión destas achegas co fin de que se podan desfrutar con proximidade a data de nacemento dos nenos.

Así mesmo, diversas incidencias na xestión interna das axudas solicitadas en anos anteriores impediron a súa concesión o que fai necesario introducir previsións para dar solución a estes supostos.

Ambas as dúas necesidades cumpren os requisitos de eficacia e necesidade, proporcionalidade ao revirsarse únicamente os apartados que inciden ou dan solución aos problemas plantexados, seguridade xurídica por canto non se altera a finalidade da norma ni se introducen previsións contrarias a lei e eficiencia, toda vez que o procedemento previsto permitirá axiliar a xestión das axudas e racionalizar a súa concesión

O 18.02.2025 emitise informe de Secretaria sobre o procedemento a seguir.

En virtude do que antedece, ao abeiro do disposto no art. 4 e 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local, PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar, con carácter inicial, a modificación do art. 6 da Ordenanza municipal reguladora das axudas para o fomento da natalidade e das axudas de nenos no Concello de Pantón que pasará a ter a seguinte redacción:

“Art. 6 Procedemento.

As solicitudes de axudas presentaranse no Rexistro Xeral do Concello dentro dos dous meses seguintes ao nacemento do/a menor.

A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

Certificado de empadramento do/s proxenitor/es que acredite a residencia efectiva no municipio durante polos menos os últimos 12 meses desde o nacemento ou adopción.

Certificado de convivencia onde figure o menor.

Certificado de nacemento do recentemente nado, expedido polo Rexistro Civil correspondente, no caso de nacementos.

Copia da Resolución Xudicial no caso de adopcións.

Certificación municipal acreditativa de acharse a corrente das obrigas tributarias municipais durante todo o ano anterior.

Conta corrente bancaria onde se efectuará o ingreso.

2. Completada a documentación, os Servizos Municipais comprobaran a documentación e logo do informe do expediente, elevarase proposta á Xunta de Goberno Local, que aprobará o expediente e as contías individualizadas correspondentes, sendo notificado o devandito acordo as persoas solicitantes.

3. Adoptado o acordo pola Xunta de Goberno Local, aboarse as persoas solicitantes o importe resultante no prazo que se estableza no propio acordo.

4. Con carácter excepcional, a Xunta de Goberno Local poderá aprobar a concesión de achegas solicitadas en anos anteriores, que, por mor de problemas de xestión administrativas imputables ao Concello, non foran obxecto de tramitación e pagamento. Estas incidencias deberán constar acreditadas nos antecedentes do acordo da Xunta de Goberno local.”

SEGUNDO.- Publicar o presente acordo de aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia de Lugo para que, no prazo de trinta días laborais a contar dende a súa publicación se someta a información pública e audiencia as persoas interesadas, co fin de que poidan presentarse as reclamacións e suxestións que se estimen oportunas ao abeiro do disposto no art. 49 da Lei 7/195, do 2 de abril reguladora das bases do réxime local.

TERCEIRO.- No caso de que non se presentasen reclamacións ou suxestións, entenderase definitivamente aprobada a ordenanza, e publicarase integramente no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. “

-E para que así conste expido e asino o presente co visto e praxe do Sr. Alcalde na data da sinatura electrónica e coa salvidade prevista no art. 206 do ROF a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta correspondente.

Pantón, 7 de marzo de 2025.- O alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 0620

TRIACASTELA

Anuncio

APROBACION INICIAL DO REGULAMENTO DE AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DO CONCELLO DE TRIACASTELA

Aprobado inicialmente o Regulamento da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil do Concello de Triacastela, por acordo adoptado na sesión plenaria ordinaria de data 27/02/2025, e en cumprimento do disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, ábrese un período de 30 días contados a partir da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia para que calquera persoa física ou xurídica poida examinar o expediente na Secretaría deste Concello e formular as alegacións e suxestións que consideren convenientes. Así mesmo comunícase que transcorrido o devandito prazo sen que se produciran alegacións, o Regulamento considerárase aprobado definitivamente.

Triacastela, 7 de marzo de 2025.- A alcaldesa, María Olga Iglesias Fontal.

R. 0621
